

1909.— O primeiro que se instalou en Bueu, foi no edificio-atador existente na zona marítimo-terrestre fronte a casa nº 43 de Montero Ríos, da familia Agullanores. Funcionaba no piso alto e subíase por una escaleira de pedra apoiada á parede lindante coa rúa. Cine mudo, naturalmente. O principal impulsor foi José Cornide¹, secretario do Concello.

- (1) Estivo asociado con José Barreiro Ouviaña, que máis tarde sería o administrador da Lonxa da Contratación de pesca.

1922.— Cine VICTORIA, na rúa E. Vincenti 14, foi inaugurado por Comide polo 1916 (?) e posteriormente asociouse con José López Díaz (Forneiro). Dende febreiro a outubro 1922 estivo pechado, tal vez por desavenencias entre os dous. Logo foi o López Díaz quen se quedou con el ata casi o seu pasamento en 1954. En 1979 era propiedade de José Carballo, de Ardán²

- (2) O nome de Cine Victoria lembraba ao dunha filliña do propietario Cornide, que faleceu vítima dun accidente .

1942.— Cine IMPERIAL no n.º 23 de Pazos Fontenla ata 1950. Era empresario Ramiro Ameneiro, ao que seguiu un tal Matías, chamado «o Buralés». Posteriormente pechou³

- (3) Mercado este edificio que forma esquina con E. Vincenti, por Manuel Rodríguez Fazanes, con instalación de hostelería.

1946.— Cine AVENIDA no n.º 9 da Baixada ao Porto (hoxe Castela). Inaugurado o 18 de maio 1946. Edificado por Ramón Domínguez Ferradás. A película no día da inauguración foi «La ciudad soñada», sonora, en cor. Pasados uns anos adquiriu este edificio a empresa Fraga, e hacia o ano 1975 pasou, por venda, aos irmáns José e Luis Carballo.

CINE EN BUEU

O Cine naceu en Paris en 1895,os irmáns Lumière inventaran un aparato que reproducía imaxes en movemento chamado <Cinematografe>. En España foi en Madrid no ano 1896 o primeiro pase

As primeira referencias do cine en Bueu datan de 1909 ano moi importante pois coincide con eventos que marcan o desenrolo da vila..A chegada da luz eléctrica, a inauguración do local <Liceo Casino>,e do edificio do Concello sendo alcalde Don Clemente Lago Martinez .

Falemos de cine, o principal impulsor foi José Cornide,secretario do concello,os primeiros pases foron en cine mudo e nun primeiro piso. Dende 1916 na rua Eduardo Vincenti 14, Cornide inaugura o cine VICTORIA que estivo funcionando ata os anos 80. O cine IMPERIAL que funcionou ata 1950 no que hoxe é o Hostal de Fazanes..

En 1946 abrese o cine AVENIDA , coa película <La ciudad soñada>, un magnífico edificio con aforo para máis de 500persoas: nacera xa o cine sonoro,vivense as épocas doradas do cine,como fenómeno social e como referencia cultural,eran anos de unha apasionada-> inxenuidade.Aplausos,choros,emocións,¡Coidado co bandido!,tensións dos espectadores nunha entrega total . Fábrica de moitos soños.

Con Charles Chapin en <Tiempos Modernos>,<El Gran Dictador>,O Noticieiro Documental(NODO),referencia propagandística da posguerra española con imaxes da actualidade.Películas como< Marcelino pan y vino>,<El Cid>, <La caída del Imperio Romano>, <55 días en Pekín>,<Lo que el viento se llevo> e moitas máis encheron as salas para disfrutar,sufrir e soñar con un mundo que

chegaba a traves do celuloide. Grandes mitos como Clark Gable, Liz Taylor, Gary Cooper,Ava Gardner e outros moitos.

Inagúrase un cine en Beluso, o CINE DE GUERRA,para cubrir as necesidades dos moitos veciños daquela parroquia.

Nos 60 o cine era o espectáculo rei,so a misa dos domingos pola mañá alcanzaba a cuota de espectadores dos locais de cine, daquela chegaban escelentes películas nacional-popular películas españolas(Joselito e Marisol) que falaban de nos das nosas mentiras e os nosos soños,aínda non viñera a TV e os automobiles era escasos para sair de Bueu. A obscuridade do cine ,e as últimas filas servían ás parellas para facer <manitas> en posicións inverosimiles .

1980, marca a caída ,co surdimento da popularidade da TV e o peche da única sala que quedaba . En 1988 a A.C.As Lagoas comenza un ciclo de CINE NA RÚA que rompe a monotonía das noites de agosto,pónselle a espalda a TV,para vivir unhas xornadas do vello cine,da pantalla grande,que nos engaiolou ano tras ano.Un gran número de persoas saltan a rúa con asentos e banquiños e entre o ruído das pipas e cacauetes van enchendo a rúa improvisada en cine,de tódalas idades,nunha acción semellante a princio de século, coa chegada dos cines ambulantes as vilas. É a arribada de moitos nenos para vivir unha sensación nunca sentida. Ocine na pantalla grande,en comunidade,na rúa.

Dende hoxe en conmemoración ós 100 anos de nacemento do cine a As. C. As LAGOAS inicia un ciclo de cine na Casa da Cultura. ¡Noraboa!,pola iniciativa ,que continue polo ben do CINE.

No habiéndose dado de alta en la contribución de espectáculos por lo que afecta al mes corriente y sucesivos, los empresarios de los Cines Imperial y Victoria de esta localidad, se les advierte de su inexorable obligación de ponerse al corriente en el pago de dicha contribución en el plazo de cuarenta y ocho horas, pues de otra suerte, se enviará acta de Inspección a la superioridad, para la tramitación del expediente de defraudación, sin perjuicio de las responsabilidades de otro orden que puedan serle exigidas.

Buen 5 de enero de 1948.

El Alcalde



[Handwritten signature]

NOTIFICACION

En Buena _____ de _____ de mil noventa y _____ teniendo ante mí a _____ le notifico _____ de que le di lectura y copia literal. Queda enterado y firma _____

NOTIFICACION

En Buena _____ de _____ de mil noventa y _____ teniendo ante mí a _____ le notifico _____ de que le di lectura y copia literal. Queda enterado y firma *Firmado dia 6 Enero - 48*
Yacis Prieto